

Esiximos a dimisión da conselleira de Educación pola conivencia nun enchufe confirmado polo Tribunal Supremo

O sindicato maioritario denunciou desde o primeiro momento un escandaloso caso de enchufe á actual directora do MUPEGA, cuñada de Susana López Abella, ex secretaria xeral de Igualdade e alto cargo do PP.

Catro anos tiveron que transcorrer para que finalmente se bote abaixo un caso absolutamente impresentábel de nepotismo na administración autonómica: a creación dunha praza inexistente na Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra para “colocar” a unha funcionaria docente con destino en Asturias e cuñada de Susana López Abella, naquel momento Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta e agora cesada para concorrer polo PP nas eleccións do 5 de abril pola provincia de Lugo.

Desde abril de 2016 a CIG-Ensinu promoveu todos os recursos e accións necesarias para anular un enchufe que a Consellaría mantivo para favorecer a unha docente que doutro xeito non podería obter destino en Galiza ao non existir prazas da súa especialidade en ningún centro educativo. O favoritismo con esta funcionaria docente viña de atrás, cando no 2014 pretenderon colocala irregularmente nunha listaxe de persoal interino.

A sentenza ditada polo TSXG en outubro de 2018 foi demoledora e reproduciu e deu por boas todas as denuncias do modus operandi presentadas pola CIG-Ensinu. Así, o alto tribunal galego cualificou toda a operación como unha desviación de poder, como se pode ler nestes extractos dela:



Estes indicios ou presuncións revisten no seu discorrer tal concatenación que, inevitabelmente, conducen a concluír que estamos ante un claro caso de desviación de poder, unha torcida actuación da Administración tendente a acadar unha finalidade contraria ao ordenamento xurídico... Non só non se actuou con transparencia senón que se fixo con manifesto ocultismo; impediuse o acceso á parte actora [CIG-Ensinu] á información... Nin sequer a requirimentos do Valedor do Pobo”.

“Non se aportou razón algunha que xustifique a convocatoria, oferta e adxudicación da praza... cando tal especialidade non existe nesta Comunidade Autónoma, non resulta necesaria a súa impartición e a adxudicación supón a incorporación dunha nova profesora en detrimento da calidade da docencia e o funcionamento interno dos departamentos.”
“Tales circunstancias vense agravadas por outros feitos que resultan esclarecedores da torcida intencionalidade da referida

conduta; así, cobra especial relevo a relación de parentesco entre a adxudicataria da praza e a Sra. López Abella, Directora (sic) Xeral de Igualdade da Consellaría de Presidencia. . . . Evidente mostra de nepotismo que, lonxe de perder arraigo na Administración Pública, parece reforzarse”

Carme Pomar asumiu persoalmente a defensa do enchufe

Malia todas as denuncias, o informe da Valedora e, sobre todo, a dureza da sentenza, a conselleira de Educación fixo bandeira do caso e defendeu a presentación dun recurso de casación perante o Tribunal Supremo, aproveitando unha intervención no Parlamento Galego para atacar á CIG-Ensino, como denunciante do enchufe.

Neste sentido, clarexou que calquera profesor do corpo de artes plásticas e deseño pode impartir, sexa cal sexa a súa especialidade, materias de 1º e 2º curso da ensinanza, que supoñen dous terzos da carga docente, tal e como recolle a normativa en vigor. De feito, no cadro de persoal da Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra “existe profesorado de Secundaria en comisión de servizos, alleo, polo tanto ás especialidades que imparten”, indicou.

A conselleira incidiu tamén en que a relación de parentesco cun alto cargo non pode ser motivo de exclusión dun proceso selectivo, xa que o ordenamento xurídico español non establece esta circunstancia como impedimento para o acceso a unha praza ofertada nun concurso aberto e transparente.

Ademais, Carmen Pomar manifestou o rexetamento da Consellería á impugnación feita polo sindicato CIG, que busca “unicamente a preservación de prazas ocupadas por persoal interino ou non especialista fronte a unha docente funcionaria de carreira”.

Captura de pantalla da web da Consellaría de Educación após a intervención de Carmen Pomar no Parlamento galego.

A conselleira non tiña necesidade de mancharse as mans neste tema, xa que ela non estaba á fronte da Consellaría cando se promoveu este caso de nepotismo. A responsabilidade quedou claramente fixada na sentenza e afectaba tanto á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, como última responsábel de que a praza se crease ilegalmente, como á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, que informou favorabelmente no expediente xudicial.

Porén, Carme Pomar asumiu en primeira persoa a responsabilidade dos feitos e ordenou a presentación do recurso de casación, dilatando a execución da sentenza ano e medio. Por tanto, a CIG-Ensino solíciatlle á conselleira que presente a dimisión como responsábel educativa do goberno galego, asumindo así tamén as consecuencias dos seus propios actos e esixe que se depuren responsabilidades para que un feito destas características non se repita máis.

O MUPEGA, manchado polo caso de nepotismo

O sindicato insta á administración educativa a executar a sentenza en canto tome coñecemento formal dela. Ao tempo, consideramos que o MUPEGA queda claramente tocado por todo este caso de nepotismo, máxime se temos en conta que a presidenta da comisión reitora do MUPEGA é a propia conselleira de Educación, Carme Pomar, e o secretario xeral técnico é o número dous da Consellaría, Jesús Oitavén Barcala e que a directora ocupa un cargo de libre designación.

Por tanto, consideramos que a actual directora e beneficiara do enchufe da Consellaría nunha praza creada para ela no concurso de traslados de 2016, debe presentar a dimisión no seu cargo e, de non facelo, debe ser cesada.

Breve repaso aos feitos denunciados pola CIG-Ensino

- 1.- A persoa beneficiada, con destino definitivo na Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Avilés, tiña manifestado o seu desexo de integrarse como profesora no centro de Pontevedra.
- 2.- Esta profesora sendo funcionaria de carreira en Asturias permanecía nas listaxes de interinos e interinas na especialidade de Conservación e Restauración de Obras Pictóricas de Galiza e o seu nome aparecía e desaparecía desta listaxe en varias ocasións, até que decaeu dela despois dunha denuncia.
- 3.- Esta profesora con destino definitivo en Asturias estivo, segundo a nosa información, a piques de ser nomeada directora da Escola Superior de Bens Culturais de Galiza no momento da dimisión do anterior equipo directivo.
- 4.- Foi, tendo o destino definitivo como profesora en Asturias, designada asesora técnica do MUPEGA e, pouco tempo despois, o 24 de abril de 2015, nomeada directora polo sistema de libre designación (posto de confianza).
- 5.- A realidade é que a persoa beneficiada está moi ben relacionada con altos cargos da Xunta de Galiza. Hoxe, é directora do MUPEGA por libre designación e, aínda tendo destino definitivo en Asturias, a Consellaría adxudícalle, mediante o CXT, unha praza dunha especialidade inexistente na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Pontevedra, mais non oferta ningunha vacante das especialidades que se están a impartir.